



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 134

VII lexislatura

6 de maio de 2006

Fascículo 2

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

1. Procedementos de natureza normativa

1.2.1. Proxectos de lei

Emendas formuladas ao Proxecto de lei de creación do Colexio Profesional de Logopedas de Galicia

07/PL-0004(3317)

De lei de creación do Colexio Profesional de Logopedas de Galicia BOPG núm. 102, do 18.03.2006

— Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 6071)	11363
— Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 6070)	11368
— Do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 6568)	11369

Emendas formuladas ao Proxecto de lei de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega

07/PL-0005(3622)

De transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega BOPG núm. 110, do 30.03.2006

— Do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 6833)	11370
— Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 6819)	11375
— Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 6837)	11381
— Do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 6834)	11388

1. Procedementos de natureza normativa

1.2.1. Proxectos de lei

Emendas formuladas ao Proxecto de lei de creación do Colexio Profesional de Logopedas de Galicia

A Mesa da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na reunión do 3 de maio de 2006, adoptou os seguintes acordos:

Cualificación de emendas:

- 07/PL-0004(3317)

De lei de creación do Colexio Profesional de Logopedas de Galicia

BOPG núm. 102, do 18.03.2006

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan ós requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acordan a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas ao articulado (un total de 15)

- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 6071)
- Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 6070)
- Do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 6568)

Emendas formuladas ao Proxecto de lei de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega

- 07/PL-0005(3622)

De transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega

BOPG núm. 110, do 30.03.2006

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan ós requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acordan a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas á totalidade (un total de unha)

— Do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 6833)

Emendas ao articulado (un total de 100)

- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 6819)
- Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 6837)
- Do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 6834)

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2006


Dolores Villarino Santiago
Presidenta



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rua do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta as seguintes emendas parciais ao proxecto de lei de creación do Colexio Profesional de Logopedas de Galiza (doc. núm. 3317, BOPG nº 102 de 18-03-2006).

Emenda nº1, de Substitución. Artigo 1

Débese substituír o texto do artigo 1º, polo seguinte:


"Artigo 1º.- Obxecto.

Créase o Colexio Profesional de Logopedas de Galiza, como corporación de dereito público, con personalidade xurídica e capacidade de obrar plena para o cumprimento dos seus fins que lle son propios e o exercicio das súas funcións, desde o momento en que se constitúan os seus órganos de goberno."

Emenda nº2, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 3

Débese substituír o texto do punto 2. do artigo 3º, polo seguinte:

"2. Será requisito para exercer como logopeda en Galiza, sen prexuízo do establecido na disposición adicional desta lei, a incorporación ao Colexio Profesional de Logopedas de Galiza cando o domicilio profesional único ou principal do interesado radique no ámbito territorial desta Comunidade Autónoma."



Emenda nº3, de Adición. Artigo 4

Débese engadir un artigo 4º.- co seguinte texto:

"4º.-

4.1. Son órganos esenciais da estrutura do Colexio:

- a) A Asemblea Xeral de Colexiados.
- b) A Xunta de Goberno
- c) A Presidencia do Colexio.

4.2. A Asemblea Xeral de Colexiados estará constituída por todos os colexiados, será o órgano plenario e soberano da corporación e terá, como mínimo, as funcións establecidas no artigo 20 da Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galiza.

4.3. A Xunta de Goberno, sempre de carácter colexiado estará composta polo Presidente, o secretario e cinco vocais como mínimo, asegurándose sempre estatutariamente que o número de membros sexa impar.

A distribución das tarefas dos vocais levará aparellada para un deles a función de tesourería-contaduría do Colexio.


4.4. O órgano presidencial, a parte de ostentar a presidencia do órgano de goberno, ten a representación do colexio, executa os seus acordos e exerce cantas facultades lle confiran os estatutos e a lexislación vixente."

Emenda nº4, de Adición. Artigo 5º.

Débese engadir un artigo 5º. co seguinte texto:

"5º. Das comunicacións internas e externas.

O idioma galego deberá usarse en todas as comunicacións externas e internas do Colexio, asegurándose a presenza do mesmo na vida colexial, de acordo do establecido no Estatuto de Autonomía de Galiza."



Emenda nº5, de Modificación. Disposición adicional

Débese substituír o texto da Disposición adicional, polo seguinte:


"Disposición adicional.

É requisito indispensable para o exercicio das profesións colexiadas estar incorporado ó colexio correspondente. Cando unha profesión se organice por colexios territoriais, bastará a incorporación a un só deles, que será o do domicilio profesional único ou principal, sen que poidan esixilos colexios nos que no seu ámbito territorial non radique o dito domicilio habilitación ningunha nin o pagamento de contraprestacións económicas distintas daquelas que esixan habitualmente ós seus colexiados pola prestación dos servizos dos que sexan beneficiarios e que non se atopen cubertos pola cota colexial. O anterior enténdese sen prexuízo de que os estatutos xerais ou, se é o caso, os autonómicos poidan establecer a obriga dos profesionais que exerzan nun territorio diferente ó de colexiación de comunicarlles ós colexios distintos ós da súa inscrición a actuación no seu ámbito territorial."

Emenda nº6, de Modificación. Disposición transitoria primeira

Débese substituír no primeiro parágrafo da Disposición transitoria primeira, a seguinte expresión:

Onde di: "...aprobará uns estatutos provisionais..." debe dicir:
"elaborará e aprobará con carácter provisional uns estatutos..."



Emenda nº7, ao apartado 1., de Modificación. Disposición transitoria segunda

Débese substituír, no punto 1. da Disposición transitoria segunda, a seguinte expresión:

Onde di: "... elaborará e aprobará os estatutos definitivos...", debe dicir:

"aprobará, de selo caso, os estatutos definitivos..."


Emenda nº8, ao apartado 1., de Modificación. Disposición transitoria terceira

Débese substituír, no punto 1. da Disposición transitoria terceira, a seguinte expresión:

Onde di: "... polo menos durante tres anos...", debe dicir:
"polo menos durante cinco anos..."

Emenda nº9, ao apartado 2., de Supresión. Disposición transitoria terceira

Débese suprimir o punto 2. da Disposición transitoria terceira.




Emenda nº10, de Adición. Disposición transitoria cuarta

Débese engadir unha nova Disposición transitoria cuarta, co seguinte texto:

"Disposición transitoria cuarta:


Os estatutos do Colexio, a máis de se axustar ao establecido, como mínimo, na sección 4ª do capítulo II da Lei 11/2001, do 18 de setembro, deberán regular o procedemento de moción de censura, a parte de fixar os mecanismos de auditoría externa das contas colexiais."

Santiago de Compostela, 17 de Abril de 2006.



Aseo.: Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG.



O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda ao articulado do Proxecto de lei de creación do Colexio Profesional de Logopedas de Galicia.

Emenda nº1, de Modificación. Disposición adicional

"Quedan exceptuados da incorporación obrigatoria ao Colexio Profesional de Logopedas de Galicia, os profesionais titulados vinculados en exclusiva á Administración pública."


Emenda nº2, ao apartado primeiro parágrafo, de Modificación. Disposición transitoria primeira


Onde di: "...presente lei, poidan adquirir a condición...": debe dicir: "... presente lei, adquiriran a condición..."

Emenda nº3, ao apartado 2, de Modificación. Disposición transitoria terceira

Debe suprimirse ao final do punto 2.: "... , con anterioridade á entrada en vigor desta lei."

Pazo do Parlamento, 17 de abril de 2006

Asdo.: 
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



**Grupo Parlamentario
Popular de Galicia**

PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
25 ABR. 2006
Núm.: <u>6368</u>

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta as seguinte Emendas ao articulado ao Proxecto de Lei de creación do Colexio Profesional de Logopedas e Galicia.

Emenda nº 1.-

Modificación da Disposición transitoria terceira punto 1.


Onde dí: "...polo menos durante tres anos...

Debe dicir: "...polo menos durante cinco anos..."

Emenda nº 2.-

Supresión do punto 2. da Disposición transitoria terceira.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2006



**Asdo.: José Manuel Barreiro Fernández
Portavoz do Grupo Popular**

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e ao abeiro do artigo 112 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta a seguinte Emenda á Totalidade con efectos devolutivos ao Proxecto de Lei de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega.

O Proxecto de lei de transparencia e de boas practicas na Administración Pública Galega remitido polo Goberno ao Parlamento supón a constatación e o recoñecemento por parte do Goberno de que a normativa aplicable ata o de agora na Administración Pública Galega regulaba de forma suficiente e clara a materia de que se trata, xa que o Proxecto non contén novidade algunha que por si mesma xustifique o devandito texto, limitándose a regular nun solo texto, con rango lexislativo, materias heteroxéneas entre si que xustificaban a normativa ata o de agora diferenciada. Esa “refundición” non aporta melloras substanciais para unha mellor Administración Pública nin para a cidadanía galega, polo contrario faise de xeito insuficiente esquecendo

28 ABR. 2006

Núm.: 6833

abundante normativa en vigor, o que vai crear confusión e dispersión da norma.

O texto presentado diante deste Parlamento carece polo tanto de novidades significativas e non reúne os requisitos mínimos esixidos para considerarse unha verdadeira Lei de Transparencia, mais ben parece querer dar resposta a un compromiso electoral dos socialistas galegos, no que baixo o seu nome chamativo non se encontra unha auténtica Lei de Transparencia que amplíe e mellore a situación actual, polo contrario se o que se pretende é facer unha Lei que abonde mais na transparencia, este proxecto non o fai porque do seu ámbito de actuación escápanse abondosos organismos que tamén son administración pública, así como órganos e institucións cuxas dotacións económicas integran os orzamentos da Comunidade Autónoma, polo que pódese afirmar que o seu ámbito de aplicación é escaso e falta de rigor e exhaustividade.

O dereito a información debера ser entendido como un dereito de tódolos cidadáns. A Lei pon trabas a lexitimación activa dos cidadáns. A lexitimación activa debe ser consecuencia do dereito a saber que ten o cidadán galego. Non o entende así o Proxecto xa que fala de afectación a dereitos ou intereses lexítimos. A información debe ser entendida como un instrumento ao servizo

28 ABR. 2006

Núm.: **6833**

dunha democracia participativa e como un mecanismo de control en mans de calquera cidadán, polo que non pode estar o arbitrio do “controlado”.

A Regulación que o Proxecto contén sobre o dereito á información adicional non explícita a que información se refire parecendo limitarse á identificación dos funcionarios actuantes no procedemento.

O Proxecto non establece con claridade o principio “in dubio pro acceso” xa que o principio xeral debe ser a publicidade. Non se regulan as razóns que a Administración pode alegar para denegar o acceso á información, o que unida a imposibilidade de recorrer á denegación ou a insuficiencia da información fai inexistente o dereito do cidadán, polo que pode definirse como unha Lei simplemente voluntarista.

O dereito ao acceso á información debería estar garantido por un órgano independente, que revisase tamén as negativas de acceso e que promovera o coñecemento dese dereito por parte da cidadanía, e que puidese controlar a veracidade, obxectividade e claridade da información que difunde á Administración.

A regulación das cartas de servizos quédanse nunha mera definición conceptual, sen ningunha virtualidade práctica para o cidadán.

Non hai ningún criterio algún que vaia impedir o uso abusivo que o actual Goberno está a facer dos convenios de colaboración.


A regulación do réxime aplicable ás subvencións déixase para unha Lei posterior, polo que tampouco neste caso o Proxecto aporta novidade significativa.

A actividade de control do Parlamento, Valedor e outros órganos de control quedan reducidas ao limitarse a información do Rexistro de bens de altos cargos a unha conta anual de acordo co que estableza o Regulamento da Cámara, a diferenza hoxe acontece no que as Institucións reseñadas poden acceder en calquera intre.

Non se establecen obxectivos por parte da administración en canto a esixencia de cartas de servizos e a utilización universal das técnicas informáticas e telemáticas por parte da Administración.

Os aspectos mais importantes da Lei para estender o dereito á información e as boas prácticas administrativas non están regulados, deixando gran parte dos contidos do Proxecto para posteriores leis ou pendentes do seu desenvolvemento regulamentario.

Santiago de Compostela, 28 de abril de




**Asdo.: José Manuel Barreiro Fernández
Portavoz do Grupo Popular**



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rua do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta as seguintes emendas parciais ao Proxecto de lei de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega (doc. núm. 3622, BOPG nº 110 de 30-03-2006).

Emenda nº1, ao apartado 1.c), de Modificación. Artigo 1

Débese substituír no apartado c) do punto 1. do artigo 1. a seguinte expresión:

Onde di: "non están integrados" debe dicir: "non estean formalmente integrados"

Emenda nº2, ao apartado 1.d), de Adición. Artigo 1


Débese engadir no punto 1. do artigo 1. un novo apartado co seguinte texto:

"d) Aos entes locais propios, creados pola Comunidade Autónoma de Galiza."

Emenda nº3, de Modificación. Artigo 3

Débese substituír o texto do segundo parágrafo do artigo 3. polo seguinte:

"Sen prexuízo dos dereitos recoñecidos na Constitución española, na lexislación europea, no Estatuto de Autonomía de Galiza e na lexislación básica do Estado, os cidadáns, nas súas relacións coas Administracións públicas galegas comprendidas no ámbito desta lei, teñen os dereitos que nela se establecen."



Emenda nº4, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 4

Débese suprimir, in fine deste punto 1. a seguinte expresión:

"para facer efectiva a igualdade de oportunidade entre mulleres e homes."

Emenda nº5, ao apartado 5, de Substitución. Artigo 4

Débese substituír o texto do punto 5. do artigo 4, polo seguinte:

"5. Cada consellaría ou unidade administrativa con actuación de relevancia externa, así como todo organismo ou ente do sector público autonómico das mesmas características disporá dunha páxina web, na que se poderá acceder á información xeral referida nesta lei e á necesaria sobre a tramitación dos distintos procedementos administrativos, de acordo co que se determine regulamentariamente."

Emenda nº6, ao apartado 6, de Supresión. Artigo 4


Débese suprimir o punto 6. do artigo 4.

Emenda nº7, ao apartado 7, de Supresión. Artigo 4

Débese suprimir o punto 7. do artigo 4.

Emenda nº8, de Supresión. Artigo 5

Débese suprimir o artigo 5.



Emenda nº9, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 6

Débese suprimir no punto 1. do artigo 6 o termo "administrativos", que aparece calificando aos organismos de referencia.

Emenda nº10, ao apartado 3, de Adición. Artigo 6

Débese engadir, no punto 3. do artigo 6, despois de: "A aprobación das cartas de servizos", a seguinte expresión:

"que corresponde á consellaría materialmente competente"

Emenda nº11, ao apartado 1, de Adición. Artigo 9

Débese engadir, no primeiro paragrafo do punto 1. do artigo 9, despois do termo "relación", a seguinte expresión:

"circunstanciada e motivada"


Emenda nº12, ao apartado 1, de Adición. Artigo 9

Débese engadir, no segundo paragrafo do punto 1. do artigo 9, despois do termo "unha resposta razoada," a seguinte expresión:

"agás os de recoñecida e notoria urxencia"

Emenda nº13, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 10

Débese suprimir o punto 1. do artigo 10.



Emenda nº14, ao apartado 3.g), de Supresión. Artigo 10

Débese suprimir o apartado g) do punto 3. do artigo 10.

Emenda nº15, ao apartado 1, de Adición. Artigo 11

Débese engadir, no punto 1. do artigo 11, despois de ", unha relación dos convenios", a seguinte expresión:

"de colaboración, previstos no artigo 3.1.c) do TRLCAP"

Emenda nº16, ao apartado 2, de Adición. Artigo 11

Débese engadir, no punto 2. do artigo 11, despois do termo "convenio", a seguinte expresión:

"de colaboración, previstos no artigo 3.1.d) do TRLCAP"

Emenda nº17, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 11


Débese suprimir o punto 3. do artigo 11.

Emenda nº18, ao apartado 5, de Modificación. Artigo 12

Débese substituír, no punto 5. do artigo 12, a seguinte expresión:

Onde di: "facultades de inspección e control", debe dicir:

"facultades de inspección, control e, de selo caso, sanción"



Emenda nº19, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 13

Débese suprimir o punto 3. do artigo 13.

Emenda nº20, ao apartado 2.6, de Supresión. Artigo 15

Débese suprimir no apartado 6. do punto 2. do artigo 15 a verba "honestidade", por entenderse suficiente a previsión do punto 15 deste mesmo parágrafo.

Emenda nº21, de Supresión. Artigo 16

Débese suprimir o artigo 16.


Emenda nº22, de Supresión. Artigo 18

Débese suprimir o artigo 18.

Emenda nº23, de Adición. Disposición adicional terceira

Débese engadir, ao final do parágrafo primeiro da Disposición adicional terceira, a seguinte expresión:

"e o seu sentido non vinculará a Administración actuante."



Emenda nº24, de Adición. Disposición adicional cuarta

Débese engadir unha nova Disposición adicional cuarta, co seguinte texto:


"O rexistro e publicidade das axudas, subvencións e convenios outorgados pola Comunidade Autónoma someteranse ao disposto nos artigos 44 e 45 da Lei de orzamentos xerais para o ano 2006 e demais normativa de aplicación."

Emenda nº25, de Supresión. Disposición transitoria segunda

Débese suprimir a Disposición transitoria segunda.

Santiago de Compostela, 28 de Abril de 2006.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG



Á Mesa da Comisión 1ª

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda ao articulado** ao Proxecto de lei de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega.

Emenda nº1, de Modificación. Exposición de motivos

No noveno parágrafo, onde di: "...obtida polos cidadáns permite....", debe dicir: "...obtida pola cidadanía permite..."

Emenda nº2, de Modificación. Exposición de motivos

No terceiro parágrafo, onde di: "...a necesidade de lles ofrecer aos cidadáns mecanismos...", debe dicir: "... a necesidade de lle ofrecer á cidadanía mecanismos..."

Emenda nº3, de Modificación. Exposición de motivos

No sexto parágrafo, onde di: "...xera desconfianza nos cidadáns.", debe dicir: "... xera desconfianza na cidadanía."

Emenda nº4, de Modificación. Exposición de motivos

No sétimo parágrafo, onde di: "...o dereito dos cidadáns...", debe dicir: "...o dereito da cidadanía..."





PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
28 ABR. 2006
Núm.: 6837

Emenda nº5, de Modificación. Exposición de motivos

No primeiro parágrafo, primeira liña, onde di: "A participación dos cidadáns..." debe dicir: "A participación da cidadanía..."

Emenda nº6, de Modificación. Exposición de motivos

No primeiro parágrafo, última liña, onde di: "...de todos os galegos na vida política...", debe dicir: "... de todos os galegos e galegas na vida política..."

Emenda nº7, de Modificación. Exposición de motivos

No segundo parágrafo, onde di: "...e de réxime estatutario dos seus funcionarios.", debe dicir: "... e de réxime estatutario do seu funcionariado."

Emenda nº8, ao apartado d), de Modificación. Artigo 2

Onde di: "...por parte dos cidadáns das...", debe dicir: "... por parte da cidadanía das..."

Emenda nº9, ao apartado e), de Modificación. Artigo 2

Onde di: "...participación dos cidadáns nos asuntos...", debe dicir: "...participación da cidadanía nos asuntos..."





28 ABR. 2006

Núm.: 683+

Emenda nº10, ao apartado g), de Modificación. Artigo 2

onde di: "...relación cos cidadáns o principio...", debe dicir:
"...relación coa cidadanía o principio..."

Emenda nº11, de Modificación. Artigo 3

Onde di: "...Estado, os cidadáns, nas súas...", debe dicir:
"...Estado, as persoas, nas súas..."

Emenda nº12, ao apartado Titulo do artigo, de Modificación. Artigo 3

Onde di: "Dereito dos cidadáns nas súas...", debe dicir:
"Dereito da cidadanía nas súas..."

Emenda nº13, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 4


Onde di: "Os cidadáns teñen...", debe dicir: "Toda persoa ten..."

Emenda nº14, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 4

Onde di: "...que lles garante aos cidadáns o seu efectivo...", debe dicir: "...que lles garanta ás persoas o seu efectivo..."

Emenda nº15, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 4

Onde di: "Os cidadáns poderán obter as informacións indicadas nas oficinas de atención ao cidadáns, que...", debe





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

28 ABR. 2006

Núm.: 683+

4

dicir: "As persoas poderán obter as informacións indicadas nas oficinas de atención á cidadanía, que..."

Emenda nº16, ao apartado Titulo do artigo, de Modificación. Artigo 4

Onde di: "Dereito dos cidadáns á información.", debe dicir: "Dereito da cidadanía á información."

Emenda nº17, de Modificación. Artigo 5


Onde di: "...a que o interesado poderá...", debe dicir: "...a que a persoa interesada poderá..."

Emenda nº18, ao apartado titulo do artigo, de Modificación. Artigo 5

Onde di: "Dereito á información adicional aos interesados no procedemento.", debe dicir: "Dereito á información adicional ás persoas interesadas no procedemento."

Emenda nº19, de Modificación. Artigo 6

Onde di: "...organismos administrativos informan os cidadáns sobre...", debe dicir: "...organismos administrativos informan á cidadanía sobre..."





28 ABR. 2006

Núm.:

6837

Emenda nº20, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 7

Onde di: "...determinarán os responsables da súa execución.", debe dicir: "...determinarán as persoas ou órganos responsables da súa execución."

Emenda nº21, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 7

Onde di: "... para que os cidadáns, individualmente...", debe dicir: "...para que as persoas, individualmente,,,"

Emenda nº22, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 8

Onde di: "...no cal os cidadáns poderán...", debe dicir: "...no cal as persoas poderán..."

Emenda nº23, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 9

No segundo parágrafo, onde di: "...da Secretaría Xeral, os cidadáns, individualmente...", debe dicir: "...da Secretaría Xeral, as persoas, individualmente..."

Emenda nº24, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 9

Onde di: "...condición de interesado no procedemento.", debe dicir: "...condición de persoa interesada no procedemento."





PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
28 ABR. 2006
Núm.: 6837

6

Emenda nº25, ao apartado 10.5, de Modificación. Artigo 10

Onde di: "...ao 35% da ..."

Debe dicir: ".. ao 40% da..."

Emenda nº26, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 12

Onde di: "...dereitos dos usuarios do servizo: ...", debe dicir:
"... dereitos das persoas usuarias do servizo: ..."

Emenda nº27, ao apartado 15.15, de Modificación. Artigo 15

Onde di: "... digna e decorosa, tratando.."

Debe dicir: "...digna, tratando..."


Emenda nº28, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 16

Onde di: "... caso, os candidatos propostos...", debe dicir: "...
caso, as candidaturas propostas..."

Emenda nº29, ao apartado 2 bis), de Adición. Disposición adicional segunda

2 bis)

O contido das declaracións inscritas no Rexistro de Altos Cargos pertencentes aos titulares daqueles postos cuxo nomeamento sexa efectuado por decisión do Consello da





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

28 ABR. 2006

Núm.: 6837

7

Xunta publicarase no Diario Oficial de Galicia e estará dispoñible na internet.

Non serán obxecto da publicidade prevista no parágrafo precedente as copias da última declaración tributaria correspondente ao Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, e no seu caso, do Imposto sobre o Patrimonio Neto recollidas no artigo 8.1 b) da Lei 9/1996, do 18 de outubro, de incompatibilidades de altos cargos.

Emenda nº30, de Modificación. Disposición transitoria segunda

Onde di: "...artigo 10..."
Debe dicir: "...artigo 11..."

Pazo do Parlamento, 28 de abril de 2006

Asdo.: Ismael Rego González
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e ao abeiro do artigo 112 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta as seguintes Emendas ao articulado ao Proxecto de Lei de transparencia e de boas prácticas na Administración Pública Galega.

Emendas:

Emenda nº 1.-:

Emenda de substitución ao artigo 1.1 c):

Artigo 1.1.-

c) Aos restantes órganos con dotación diferenciada nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Emenda nº 2.-

Emenda de modificación ou substitución ao artigo 2 paragrafo 1 que quedará como sigue:

As entidades comprendidas no ámbito de aplicación desta lei e o persoal ao seu servizo adecuarán as súas actividades aos seguinte principios xerais:

Emenda nº 3.-

Emenda de adición ao artigo 2:

Engadirase un novo apartado j):

j) Promover o uso normal do galego, oralmente ou por escrito nas relacións cos cidadáns, sen prexuízo do dereito que lles asiste a non ser discriminados por razón da súa lingua.

Emenda nº 4.-

Emenda de adición ao artigo 2.-

Engadirase un novo apartado k)

k) Prestar especial atención ás necesidades persoais e materiais das persoas discapacitadas, adoptando as medidas necesarias para facilitar o seu acceso á información e as súas relacións coa Administración.

Emenda nº 5.-

Emenda de modificación ou substitución ao artigo 2 apartado e):

Artigo 2 e):

Fomentar e favorecer a participación dos cidadáns nos asuntos públicos e no deseño e mellora dos servizos públicos. En particular fomentarase a participación equilibrada das mulleres e dos homes nos asuntos públicos.

Emenda nº 6.-

Emenda de substitución ao CAPITULO II:

Onde di: Transparencia na actividade administrativa

Debe dicir: Transparencia na actividade administrativa, dereito á información e de queixa dos cidadáns

Emenda nº 7.-

Emenda de supresión ao artigo 3

Emenda nº 8.-

Emenda de modificación ou substitución ao Artigo 4.1:

Os cidadáns teñen dereito a solicitar e obter información sobre a actividade administrativa das institucións e órganos mencionados no artigo 1 desta Lei. A devandita información poderá ser de carácter xeral ou particular e comprende así mesmo o acceso aos arquivos e rexistros a que se refire o artigo 37 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A información xera terá por obxecto ofrecerlles aos cidadáns unha visión global homoxénea e sistematizada da institución ou órgano de que se trate.

A información particular consistirá en facilitarlles aos interesados ou aos seus representantes legais o estado de tramitación no que se atopa un expediente administrativo.

O contido da información conterá alomenos os aspectos recollidos no Decreto 164/2005 de 16 de xullo polo que se regulan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, se crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención ó cidadán.

A información solicitada facilitarase de maneira clara e comprensible.

Deberá difundir a información sobre dereitos e recursos para facer efectiva a igualdade entre mulleres e homes.

Emenda nº 9

Emenda de modificación ou substitución ao artigo 4.4:

Os cidadáns poderán obter as informacións indicadas nas oficinas de atención ao cidadán que se establezan presencialmente, por escrito por teléfono, por correo electrónico a través de Internet. Tamén poderase transmitir a través de medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

Emenda nº 10.-

Emenda de adición dun novo apartado 4.6 bis):

Se a petición de información por parte do cidadán non puidese ser resolta de xeito inmediato cos medios de que dispón o empregado de atención ao público será contestada no prazo máximo de dous días hábiles

Emenda nº 11.-

Emenda de modificación ou substitución ao artigo 5:

Substituirase dende ...e que serán contestadas polo mesmo medio.

Por: ...e que serán contestadas polo medio solicitado polo interesado no procedemento.

Emenda nº 12.-

Emenda de modificación ou substitución ao último parágrafo do artigo 5:

A Administración autonómica adoptará as medidas pertinentes para que tódolos procedementos tramítanse, en soporte informático. Os interesados poderán coñecer o estado de tramitación dos procedementos por conduto telemático ou informático.

Emenda nº 13

Emenda de modificación ou substitución ao artigo 6.1:

Onde di: ...os órganos da Administración Autonómica Galega e os seus organismos administrativos...

Debe dicir: as entidades comprendidas no ámbito de aplicación deste Lei.

Emenda nº 14

Emenda de supresión ao artigo 6:

Supresión do apartado 2

Emenda nº 15

Emenda ao artigo 6:

Engadirase un novo apartado 4)

4) As entidades a que fai referencia este artigo divulgarán polos distintos medios o seu alcance as cartas de servizos co obxecto de que os cidadáns coñezan os compromisos e poden demandar o seu cumprimento.

Emenda nº 16

Emenda ao artigo 6:

Engadirase un novo apartado 5)

5) Tódalas entidade a que se fai referencia neste artigo deberán elaorar aprobar a súa carta de servizos que conterán alomenos o disposto no decreto 148/2004 de 1 de xullo, sobre cartas de Servizos e Observatoria de calidade.

Emenda nº 17.-

Emenda de modificación ou substitución ao artigo 7.1:

Onde di: ... Estes programas baseárense nos obxectivos políticos e nos prazos fixados...

Debe dicir: ...Estes programas definiran os obxectivos previstos e os prazos fixados...

Emenda nº 18.-

Emenda de modificación ou substitución ao artigo 7.2:


Onde di: ...poidan participar no deseño e elaboración destes programas...

Debe dicir: ... poidan participar no deseño, elaboración e na avaliación e grao de cumprimento destes programas...

Emenda nº 19.-

Emenda de modificación ou substitución ao artigo 7.4:

Debe dicir: A páxina Web correspondente conterá a información sobre os programas, os seus obxectivos, así como as fórmulas de participación previstas no apartado 2 deste artigo.



Emenda nº 20

Emenda de supresión ao artigo 8:

Supresión do apartado 3

Emenda nº 21

Emenda de modificación ou substitución do artigo 8.1:

Que quedará como sigue:

As entidades mencionadas no artigo 1 empregarán e aplicarán as técnicas informáticas medios electrónicos e telématicos na realizaicón de toda a súa actividade e o execicio das súas competencias coas limitacións que para a utilización deste medios establecen a Constitución e as Leis.

Emenda nº 22.-


Emenda de modificación ou substitución ao artigo 9.1 paragrafo 2:

Suprimirase: ... que os afecten...

Emenda 23.-

Emenda de adición ao artigo 9.1 paragrafo 1:

...de tramitación así como a posibilidade que teñen os cidadáns de remitir suxestións e a forma de facelo.



Emenda nº 24.-

Emenda de modificación ou substitución ao artigo 10.3 g):

Onde di: ...1.000.000 €

Debe dicir: ...500.000 €

Emenda nº 25.-

Emenda de modificación ou substitución ao artigo 10.5:

Onde di: ...non será inferior ao 35%

Debe dicir: ...non será inferior ao 40%

Emenda nº 26.-

Emenda de modificación ou substitución ao nome artigo 11:

Onde di: Convenios de colaboración


Debe dicir: Convenios de colaboración e deber de comunicálos

Emenda nº 27.-

Emenda de modificación ou substitución ao artigo 11.1:

Onde di: maio e setembro

Debe dicir: abril, xullo e outubro



Emenda nº 28.-

Emenda de modificación ou substitución ao artigo 11.1:

Onde di: cuadrimestral

Debe dicir: Trimestral

Emenda nº 29.-

Emenda de modificación ou substitución ao artigo 11.2:

Onde di: ...Un extracto deste motivación...

Debe dicir: ...A motivación...

Emenda nº 30

Emenda de modificación ou substitución ao 11.3:


Onde di: ...150.000 €

Debe dicir: ...100.000 €

Emenda nº 31

Emenda de modificación ou substitución ao artigo 12.4:

Suprimirase ...de conformidade co que esta estableza.



Emenda nº 32

Emenda de adición ao artigo 12:

Engadirase un novo apartado 6) :

6) A ser tratados co principio de igualdade no uso do servizo sen que poida existir discriminación nin directa nin indirecta por razóns de sexo.

Emenda nº 33.-

Emenda de modificación ou substitución ao nome do artigo 13:

Onde di: Actividade de fomento

Debe dicir: Publicidade da actividade de fomento

Emenda nº 34

Emenda de adición:

Engadirase un novo artigo 13.bis) Suxestións e queixas

1.- Os cidadáns e institucións públicas ou privadas poderán formular as suxestións ou queixas que coiden convenientes sobre o funcionamento dos servizos públicos das entidades mencionadas no artigo 1 desta lei co fin de mellorar a calidade deles.

- 2.- As suxestións e queixas formuladas segundo o disposto no punto anterior, non terán en ningún caso a cualificación do recurso administrativo nin a súa presentación suspenderá os prazos establecidos na norma vixente.
- 3.- A presentación de suxestións e queixas non condiciona en ningún modo o exercicio das restantes accións ou dereitos que, de conformidade coa normativa reguladora de cada procedemento, poidan exercer os que figuren nel como interesados.

Emenda nº 35.-

Emenda de adición:

Engadirase un novo artigo 13 ter) Presentación, tramitación seguimento e control

A forma de presentación das suxestións e queixas, a súa tramitación o seu seguimento e control para a administración pública da Comunidade Autónoma será a establecida no decreto 164/2005 de 16 de Xuño polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias e concertadas da Administración da Comunidade autónoma de Galicia, se crea o rexistro telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención o cidadán.

As restantes entidades as que lle é de aplicación esta lei deberán adoptar as medidas necesarias para facer efectivo o exercicio do dereito do cidadán a formular queixas e suxestión.

Emenda nº 36.-

Emenda de modificación ou substitución ao **CAPITULO III:**

ON di: **Membros do Goberno e altos cargos da Administración**

Debe dicir: **Membros do Goberno, altos cargos e outros persoal da Administración.**

Emenda nº 37.-

Emenda de adición:

Engadirase un novo apartado ao artigo 14:

h) O persoal eventual que, en virtude de nomeamento legal exerza funcións de carácter non permanente, expresamente cualificadas de confianza e asesoramento especial das presidentas e presidentes directoras e directores xerais das entidades relacionadas no artigo 1 desta Lei.

Emenda nº 38.-

Emenda de modificación ou substitución ao nome do artigo 16:

Onde di: **Información previa ao Parlamento**

Debe dicir: **Información previa e proposta do Parlamento**

Emenda nº 39.-

Emenda de adición ao artigo 16:

Engadirase un novo apartado 3 ao artigo 16:

3) Logo das respostas e aclaracións do candidato á Comisión poderá vetar ou propoñer ao Consello da Xunta de Galicia o seu nomeamento.

Emenda nº 40.-

Emenda de adición in fine ao artigo 17:

...desta lei con expresa indicación dos diferentes conceptos retributivos.

Emenda nº 41.-

Emenda de adición dun novo apartado h) bis á Disposición adicional primeira:

O persoal eventual que, en virtude de nomeamento legal exerza funcións de carácter non permanente, expresamente cualificadas de confianza e asesoramento especial das presidentas e presidentes directoras e directores xerais das entidades relacionadas no artigo 1 desta Lei.

Emenda nº 42.-

Emenda de supresión á Disposición adicional segunda

Emenda nº 43.-

Emenda de supresión do paragrafo 3 da Disposición adicional terceira

Emenda nº 44.-

De adición dunha nova Disposición adicional primeira bis)


No prazo de tres meses a Xunta remitirá ao Parlamento a Lei que regula o réxime aplicable a subvencións.

Emenda nº 45.-

Emenda de adición in fine ao paragrafo 5 da Exposición de Motivos:

...dos recursos públicos. Así a Xunta de Galicia tense amosada nestes anos como pioneira dos avances legislativos nesta materia.

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2006



**Asdo.: José Manuel Barreiro Fernández
Portavoz do Grupo Popular**

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA
ESTRUCTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
 - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
 - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
 - 2.1 INVESTIDURA
 - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
 - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
 - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
 - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
 - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
 - 3.5 MOCIÓNS
 - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
 - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
 - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
 - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
 - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
 - 4.2 INTERPELACIÓNS
 - 4.3 PREGUNTAS
 - 4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
 - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 - 5.1 SOLICITUDE O GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
 - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
 - 5.3 VALEDOR DO POBO
 - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
 - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
 - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
 - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
 - 6.5 VOCAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
 - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
 - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
 - 6.8 VOCAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
 - 6.9 VOCAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
 - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
 - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
 - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
 - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
8. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA
 - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
 - 8.2 PERSOAL
 - 8.3 ACTIVIDADES
9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
 - 9.1 INFORMACIÓNS
 - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Impresión e distribución: La Voz de Galicia, S.A.
Ronda de Outeiro, 1-3. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727